

ENTREVISTA DÍA DA MULLER TRABALLADORA PERSOAL DE LIMPEZA: BEGOÑA

Séntate ben. Mira esa marimacho. Vai limpar. Cala, que ti non sabes nada. O que tivo que facer para chegar ata ese posto... Se lle pasa algo aínda se queixará...

Todo isto son exemplos do machismo que temos que sufrir as mulleres día a día. Palabras que temos que aturar porque como nos queixemos é que “somos unhas feminazis”. Pero xa está ben. Non nos imos calar. Levamos moitos anos nesta loita para acadar a equidade e non imos parar ata conseguila por moi tolas ou pesadas que sexamos para algúns.

Por isto, dende o IES Salvador de Madariaga e co motivo da conmemoración do día da muller, queremos amosar historias reais desas mulleres. Das que se deixan a pel no seu traballo e aínda así alguén ten algo máis que dicir. Queremos mostrar as súas realidades dende entrevistas que faremos ao longo de varios anos, empezando coa de Begoña, unha das limpadoras deste centro.

1. Cantos anos levas traballando como limpadora?

Como limpadora, dezaseis anos.

2. Estiveches sempre traballando neste instituto?

Como limpadora sí.

3. Traballaches nalgunha outra cousa antes?

Sí, tiven outras profesións. Antes de traballar como limpadora, estiven nas cociñas duns colexios de primaria como cociñeira e como axudante de cociña. Tamén estiven na residencia de anciáns da Xunta como camareira-limpadora, que é unha categoría diferente a limpadora. Alí rotan un pouco os traballos que fan: limpan as habitacións dos pacientes, tamén as zonas comúns, fan traballos de lavandería e de cociña no comedor...un pouquiño de todo.

4. Cal é o teu horario de traballo?

O meu horario oficial de traballo é de 8 da mañá a 3 e media da tarde. O que pasa é que teño o horario un pouquiño modificado polo tema da conciliación familiar-laboral. Teño o horario un pouquiño corrido cara a adiante. Por iso saio máis tarde. Ao mellor ás veces cando vides ás 4 da tarde aínda me vedes por aquí *furrulando*, porque teño o horario modificado.

5. Cantas limpadoras hai no centro e como vos organizades?

Limpadoras aquí somos catro. Tres estamos con xornada completa e a cuarta limpadora está con media xornada, porque aquí estamos adxudicadas as limpadoras polos metros cadrados de superficie do centro. E tocan tres limpadoras e media, digamos.

6. Cando eras nena, que querías ser de maior?

Cando era nena non o tiña moi claro, porque cando eres neno gústache o típico: a un ser policía, a outro gústalle ser bombeiro... pero nunca pensei acabar como limpadora. De feito, estudei para outras moitas cousas, pero ao final acabei como limpadora. Eu empezei en oposición de xustiza, presenteime varios anos, non eran doadas, pero nin sequera as de limpadora. Das de xustiza fun pasando para a Xunta, para funcionaria, e de funcionaria para limpadora. Para chegar a limpadora no centro fun tres veces ás oposición de limpadora.

7. Hai anos, na túa profesión, ao igual que noutras como enfermería, educación etc, existía o estereotipo de que unicamente podía haber mulleres. Pensas que isto cambiou na actualidade?

Cambiou pero moi pouquiño; non vexo grandes avances. Eu, os compañeiros limpadores que tiven, poderíaos contar coas mans. Tiven moi poucos nos vinte anos que levo na Xunta. Aquí, na empresa pública, pode haber un 1% de homes limpadores, se é que os hai.

8. Que é o que máis che gusta do teu traballo?

Pois a ver, gústame... facelo ben. Prefiro facer menos traballo pero facelo ben. Non son así moi chapuzas, son unha persoa que me gusta deixar o traballo ben feito. Á hora de limpar, por onde paso, limpar ben. E se non limpo catro estanterías pois limpo unha, pero gústame deixala ben.

9. E o que menos?

Agora mesmo traballar nestes centros é difícil porque estamos con obras e con albaneis e fontaneiros que están sempre manchando. Nós limpamos e eles veñen detrás e marchan, co cal non conseguimos ter a limpeza que queremos ter, iso é o que menos me gusta, o que máis me incomoda, digamos.

10. Que cambiarías do teu traballo?

Pois quizais poder traballar cunhas ferramentas máis actuais, que non temos moitas, con outros materiais, como pode ser un carrito da limpeza máis moderno co que poder moverme doutra maneira e traballar máis actualizada. En conclusión, ter outros instrumentos cos que poder traballar mellor.

11. Como compaxinas a túa vida persoal co teu traballo?

Compaxinar a vida laboral coa familiar é un pouquiño complicado porque eu aquí paso moitas horas. Teño nenos, teño familia, teño a miña casa... E teño que compaxinar organizándome moitísimo. Teño que organizar os minutos, os segundos xa non, pero os minutos e as horas teño que organizalas moi ben todos os días porque senón, non dou feito a vida laboral e familiar. Hai que facer moitas cousas: hai que traballar (que aquí pasamos moitas horas), pero despois na casa, as mamás que temos fillos temos que limpar a casa,

facer a compra, levar aos cativos ao médico...

12. Tes algún tipo de axuda?

Tiven moita axuda e aínda teño algunha porque paso moitas horas fóra da casa. Empezo toda a miña laboral e familiar, e volto para casa... os días que volto ben, chego ás cinco e media da tarde. Outros días ás seis ou sete da tarde. Onte cheguei ás sete e media da tarde, que fun ao médico cun fillo... Hoxe volvo tamén pola tarde, e mañá teño outra cita tamén. Imaxínade todo o que teño que organizar...

13. Algunha vez sufriches algún tipo de discriminación polo teu traballo? E por ser muller?

Por ser muller, ás veces atóspaste con que vivimos nunha sociedade aínda bastante machista. É como que as mulleres parece que estorbamos, ou que facemos mal algunha cousa, ou que non a sabemos facer ben... porque as nosas mans din que non funcionan igual que as dun home... ou cousas así. Entón si que algunha vez, ves algún detalle por aí...

14. Como pensas que avanzou a sociedade con respecto a cando eras pequena?

Creo que avanzou moito, pero creo que debería ter avanzado moitísimo máis, porque é certo que se está buscando a igualdade dos homes e as mulleres... Eu cando era pequena xa vivín situacións en que a muller xa empezaba a verse un pouquiño máis. Eu nacín en París. Alí vías que a muller se vía un pouquiño máis... xa había mulleres que conducían o metro, cando eu era moi pequeniña. E aquí empezaron a conducir os autobuses as mulleres hai 20-25 anos. A primeira muller que empezou a conducir nos Calpita foi María, non sei se a coñecedes, que agora anda por aí pola cidade cuns autobuses tremendamente largos, porque xa ten moita experiencia, claro. Pero eu acórdome que ao ver a María os homes... como se María non puidera conducir un autobús. Eu esas diferencias, de pequeniña, como as vin fóra, pois quizais as levo un pouquiño máis avanzadas do que aquí, pero bueno, aínda temos que avanzar moito máis.

15. Pensas que o teu traballo está ben pagado?

Non, porque nós recibimos o noso soldo de limpadora, pero non recibimos ningunha paga extra por utilizar produtos perigosos, os cales perxudican a derme, os ollos, as mans... Non recibimos ningunha paga extra por isto como podería ser unha paga extra por nocturnidade...

16. Pensas que no teu traballo cobran máis os homes que as mulleres?

Eu traballo nunha empresa pública que é a Xunta e aquí non hai diferenzas salariais, pero nas empresas privadas si que a hai. Isto védelo vós todos os días nas noticias, por exemplo,

un limpador con respecto a unha limpadora, ou un técnico de altura con respecto a unha técnica de altura, cobra máis o home aínda que os dous realicen o mesmo traballo. Un técnico traballa con dúas mans, e unha técnica traballa tamén con dúas mans, pero aá veces parece que os homes traballan con catro mans, e as mulleres con dúas.

17. Como cambiou o teu traballo co Covid?

Se sen o Covid xa tiñamos bastante traballo e xa era difícil de levalo a cabo e manter o noso traballo o mellor posible, coa situación do Covid acabámola de rematar porque ademais os políticos que saen na tele dixéronos que nos ían reforzar con personal de apoio para poder non só limpar, senón tamén desinfectar. Entón, íamos recibir apoio pero nós aquí, neste centro, non recibimos apoio ningún. O apoio foi que se nos multiplicou o traballo e fómolo levando o mellor que puidemos. Penso que fixemos un gran esforzo para poder manter o centro o máis desinfectado que puidemos coa axuda da dirección e os profes en canto a ventilación porque nós non podemos ir polo centro adiante abrindo e cerrando ventanas. Eu pola mañá estou soa, entón necesito apoio. Desde a Consellería non enviaron a ninguén, fómolo levando como puidemos.

18. Por último: pensas que a sociedade te exixe máis no teu traballo polo simple feito de ser muller?

Supoño que si porque as mulleres sempre representamos máis no campo da limpeza. Limpadores hai poucos porque se pensa que é un traballo que aos homes non lles interesa xa que os homes non saben limpar ben e as mulleres como somos superespeciais limpamos moito mellor e sabémolo facer moito mellor que os homes. Dáme esa impresión.